



## INFORME XUSTIFICATIVO DE SERVIZOS SOCIAIS DA PROPOSTA

### DE APROBACIÓN DA ORDENANZA DE EMERXENCIA SOCIAL

As Comunidades Autónomas teñen atribuídas as competencias en materia de servizos sociais (a. 148.1.20 da CE), que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia están reguladas na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais. No seu artigo 18 c) (prestacións económicas destinadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral), e no artigo 18.3 (recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial), recolle o dereito dos individuos e familias a axudas de carácter esencial cando existan situacións de necesidade debidamente valoradas. Así mesmo, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece nas competencias dos municipios a prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social; aspecto que non modifica a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que no seu artigo 25 recolle: “2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

*e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.”*

Por outra banda, o problema que se pretende solucionar queda recollido no artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos cando afirma que todas e todos terán dereito a «un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e mais os servizos sociais necesarios» (Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia).

A necesidade da aprobación desta ordenanza ven dada pola competencia que nesta materia lle atribúen aos municipios as distintas normativas legais, como quedou exemplificado arriba. E a oportunidade porque coa crise económica cada vez un maior número de familias víronse na necesidade de acudir aos servizos sociais polas condicións de precariedade nas que se atopan, carecendo dos medios para cubrir as necesidades máis esenciais.

Polo tanto a Administración Local debe dispoñer de instrumentos propios para organizar a atención a estas situacións de necesidade social.



E por último, os obxectivos da ordenanza reguladora de emerxencia social son fundamentalmente:

-dar acceso en condicións de igualdade e obxectividade a todas aquelas persoas que por diversas razóns se atopen nunha situación de emerxencia por carecer de medios económicos suficientes, nas que concorran factores de risco social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas.

-constituír unha ferramenta que organice as obrigas e dereitos das/dos beneficiarias/os destas axudas. Ha de ser un documento que articule de forma clara o procedemento de solicitude, requisitos de acceso, documentación necesaria para a valoración da necesidade, procedemento de resolución, xustificación adecuada do destino da axuda, etc. Ao mesmo tempo ha de ser un recurso o suficientemente áxil para dar unha resposta rápida debida a natureza destas axudas.

Coristanco, 20 de marzo de 2018

Documento asinado dixitalmente pola traballadora social M<sup>a</sup> Elisa Cambeiro Cives